O SAMAIN NO COLEXIO



Como cada ano, o 31 de outubro, celebramos o Samaín no noso colexio.

O Samaín é unha das miñas celebracións preferidas, porque ese día podemos ir ao colexio disfrazados, igual que no Entroido.

A única condición é que o noso disfrace ten que amedrentar á xente.

Non vale disfrazarse de bombeiro, de vaca ou de astronauta.

Canto máis medo dea o disfrace, mellor!

No Samaín os mestres tamén se disfrazan, pero non todos...

A miña mestra sempre nos sorprende cun disfrace diferente, e ese día na súa botella en vez de auga sempre hai un líquido de cor vermella que nos mete medo.

Ela di que é sangue de neno que se porta mal, pero nós sabemos que en realidade é zume de arandos.

Hai de todo: bruxas, pantasmas, vampiros, zombis, lobishomes, monstros, demos...

Non imaxinas que ben o pasamos no recreo!

LIVEWORKSHEETS

Ese día tamén organizamos un Concurso de Cabazas.

Na casa, coa axuda das nosas familias, temos que baleirar as cabazas e decoralas como queiramos. A ganadora será a que máis medo meta!

Eu este ano vou facer unha cabaza con cara de demo. A ver se teño sorte e é a mellor de todas!

Elixe a resposta correcta:

Cando se celebra o Samaín?

- [ ] **O 30 de outubro.**
- [ ] **O 1 de novembro.**
- [ ] **O 31 de outubro.**

Por que é a súa celebración favorita?

- [ ] **Porque comen lambetadas.**
- [ ] **Porque poden ir disfrazados ao colexio.**
- [ ] **Porque hai vacacións.**

Que condición ten que cumprir o disfrace?

- [ ] **Ten que facer rir á xente.**
- [ ] **Ten que abraiar á xente.**
- [ ] **Ten que amedrentar á xente.**

LIVEWORKSHEETS

Disfrázanse os mestres e mestras no Samaín?

- [ ] Si, disfrázanse todos. É obrigatorio.
- [ ] Non, soamente se disfrazan algúns.
- [ ] Non, non se disfraza ningún mestre.

De que cor é o que bebe a súa mestra ese día?

- [ ] De cor vermella.
- [ ] De cor verde.
- [ ] De cor amarela.

Que bebida é?

- [ ] Zume de amorodos.
- [ ] Zume de froitos vermellos.
- [ ] Zume de arandos.

Que concurso organizan ese día?

- [ ] Un Concurso de Disfraces.
- [ ] Un Concurso de Cociña.
- [ ] Un Concurso de Cabazas.

LIVEWORKSHEETS